



Sindicato Nacional de Xustiza de Galicia

1ª Forza Sindical no ámbito da

Administración de Xustiza en Galicia.



MESA FORMACIÓN

O pasado día 8 de xuño, celebrouse a Mesa Sectorial correspondente a Formación, a Administración presentounos o que denominan: **I Plan de Formación Continuada do Personal ao Servizo da Administración de Xustiza en Galicia** a través do cal vai a establecerse a formación para os anos 2006 a 2008.

O plan levarase a cabo a través de plans anuais, os cales contenderán a lo menos un **50% de formación ON LINE**. Esta dirixido aos corpos de: Médicos Forenses, Xestores, Tramitadores e Auxilio.

- Os custos para este plan son os seguintes:

Ano	2006	2007	2008	Total
	120.875,13 €	123.292,63 €	125.758,49 €	369.926,25 €

Entre as características máis destacables están:

- **Os cursos cuxa asistencia sexa obrigatoria serán preferentemente de mañá, na parte fixa do horario.**

- As actividades de formación son as seguintes:
 - Programa para perfeccionamento do posto de Traballo.
 - Programa de prevención de riscos laborais.
 - Programa de Formación en TIC. (Tecnoloxía da Información e Comunicación)
 - Programa de Reciclaxe.
 - Programa de formación de formadores.
 - Programa de apoio á promoción interna.
 - Programa de acollida o novo posto de traballo.
 - Programa de formación para a igualdade de Mulleres e homes.

UGT-Xustiza, propón que os fondos para os cursos de reciclaxe, os cursos de prevención de riscos, acollida o novo posto de traballo e o de formación para a igualdade de mulleres e homes non se detraian das partidas que temos acordadas xa para a formación continua.

A Administración acordou, entón, establecer **dous tipos de programas**: aqueles que van a cargo dos **fondos de formación continua** (Perfeccionamento do posto de Traballo, Formación en TIC, Formación de Formadores e apoio a promoción interna) e aqueles programa que están **fora dos fondos** (Prevención de riscos, Reciclaxe, acollida o novo posto de traballo, formación para igualdade das mulleres).

- **O programa de acollida o novo posto de traballo se realizara a partir do ano 2007.**
- **No programa de reciclaxe os cursos serán obrigatorios, co cal o horario será preferentemente de mañá, na parte fixa do horario.**

Dende a **UGT-Xustiza**, pediuse que todos os cursos levaran **Certificado de aproveitamento**, incluíndo aqueles que non chegan ás trinta horas, a administración quedou de estudialo.

- A administración asume, a petición dos interesados, a inserción nos expedientes persoais dos certificados de formación, incluídos aqueles expedidos polos Sindicatos sempre que estes aporten a documentación necesaria.

UGT-Xustiza, con respecto ó **programa de perfeccionamento dos postos de traballo**, pediu que se cambiara a frase "... que precisamente son valorados no proceso de selección dos candidatos... os postos singularizados" por **que será un mérito máis evaluable a ditos postos.**